



Reclamante:

Expediente. **RSCTG 95/2022**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada por**

Vista á reclamación presentada por

mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 10 de maio de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día Haga clic aquí para escribir una fecha., adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Único:**

presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 10 de maio de 2022, unha reclamación contra a falla de contestación por Nedgia Galicia S.A e Nedgia Naturgy, Grupo, á súa solicitude de información sobre o número de Conselleiros activos, pagamentos, axudas de custo, suplementos ou outro tipo de pagamentos non previstos, seguros, pensións co nome da entidade contratada para os mesmos aos Conselleiros de Nedgia Galicia S.A e Nedgia Naturgy, Grupo Activos e Informe do acceso a beneficios ou rapeles por actividades da entidade.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro. Competencia e normativa**

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 95 da Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 95.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 7 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu

preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Análise do expediente**

O dereito de acceso á información pública é o dereito de toda persoa, neste caso unha asociación, a acceder á información pública, entendéndose esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no artigo 3.1 da Lei 1/2016 (entre os que non se atopan as sociedades anónimas) e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

No presente caso, o interesado solicitou a unha entidade mercantil, información referente ao o número de conselleiros e as retribucións percibidas polos mesmos pos distintos conceptos.

O suxeito titular da información non é un suxeito obrigado pola normativa de Transparencia a contestar a unha solicitude de acceso á información, e por tanto o contido da solicitude, queda fora do ámbito das Leis 1/2016 e 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED]

[REDACTED] con data do 10 de maio de 2022, contra a falla de contestación por unha sociedade mercantil á súa solicitude de información sobre o número de Conselleiros e as súas retribucións por distintos conceptos.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-

administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA DOLORES  
FERNANDEZ (R: S650009C)  
Fecha: 2022.06.08 11:57:14 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**